



Guía Docente

Datos Identificativos					2017/18
Asignatura (*)	Socioloxía da educación		Código	652G03028	
Titulación					
Descritores					
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos	
Grao	2º cuatrimestre	Terceiro	Optativa	6	
Idioma	CastelánGalego				
Modalidade docente	Presencial				
Prerrequisitos					
Departamento	Socioloxía e Ciencias da Comunicación				
Coordinación	Rodríguez Rodríguez, María del Carmen	Correo electrónico	carmen.rodriguez2@udc.es		
Profesorado	Rodríguez Rodríguez, María del Carmen	Correo electrónico	carmen.rodriguez2@udc.es		
Web	www.udc.gal				
Descrición xeral	<p>Nesta materia trátase de concebir a educación como un sistema en sí mesmo, coas súas correspondentes partes, elementos, funcións, organización e institucionalización, e que a súa vez forma parte do sistema social en xeral. Con este curso o que se pretende é que o alumnado acade un grao de coñecemento e tamén concienciación e interiorización do proceso conformador da educación como fenómeno sociolóxico, co seu correspondente espazo, papel e funcións nas nosas sociedades. Tamén se trata dunha formación que persegue dotar de habilidades teórico prácticas ao seu alumnado sobre un ámbito tan importante como a educación, para que a integren tanto a nivel persoal como profesional.</p>				

Competencias / Resultados do título

Código	Competencias / Resultados do título
--------	-------------------------------------

Resultados da aprendizaxe

Resultados de aprendizaxe	Competencias / Resultados do título		
Coñecemento do sistema educativo dentro do sistema social	A1 A2 A3 A4 A5 A6 A8 A14 A20	B5	C6 C7 C8
Coñecemento e comprensión das funcións sociais da educación.	A1 A2 A3 A4 A5 A8 A14 A20	B1 B3 B4	C6 C8
Aplicación dos coñecementos manexados á realidade social nas súas diferentes manifestacións, para acadar a perspectiva da mesma desde o ámbito da educación.	A1 A2 A5 A13 A14	B1 B5 B6	C4 C6



Adquisición de ferramentas teóricas e metodolóxicas para a análise da realidade social do sistema educativo	A1	B1	C1
	A2	B5	C4
	A5	B6	C6
	A13		C7
	A14		
Avaliación do sistema educativo, así como das súas implicacións tanto a nivel social como persoal	A1	B1	C4
	A2	B4	C6
	A3	B5	C7
	A5	B6	
	A6		
	A14		

Contidos	
Temas	Subtemas
1. Introducción á Socioloxía da Educación	1.1. Definición e obxectivos 1.2. Historia 1.3. As institucións sociais
2. Teorías clásicas, neoclásicas e contemporáneas sobre Socioloxía da Educación	2.1. Os clásicos: Durkheim, Marx, Weber 2.2. Os neoclásicos: Veblen, Gramsci, Manheim, Parsons 2.3. Os contemporáneos: O funcionalismo, o estruturalismo marxista, Nova Socioloxía da Educación
3. Desigualdade, estratificación e reprodución social	3.1. A clase social na aula 3.2. A etnia na aula 3.3. O xénero na aula
4. A vida na aula. A educación como institución social	4.1. Socioloxía do currículo e da organización escolar 4.2. O profesorado como categoría social e axente educativo 4.3. A construción social do alumnado 4.4. Participación das familias e da comunidade
5. A aula na vida. Estado, mercado e sistema educativo	5.1. Políticas educativas 5.2. Vinculación entre educación e emprego 5.3. Educación na globalización

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Sesión maxistral	A2 A3 A4 A5 A8 A20 B3 B4 C6 C7 C8	35	10	45
Traballos tutelados	A2 A3 A5 A6 A13 A14 B1 B3 B4 B5 B6 C1 C4 C6 C7	45	36	81
Lecturas	A1 A2 A8 B1 B5 C4 C6	4	12	16
Presentación oral	A5 A2 B1 B5 B6 C1 C4 C6 C7	2	4	6
Atención personalizada		2	0	2

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición



Sesión maxistral	<p>É o método tradicional da docencia no que tanto a iniciativa como o peso principal da actividade recaen sobre o profesor. Expón un perigo importante de provocar actitudes pasivas por parte do alumnado e limitar así a súa capacidade de aprendizaxe. Con todo, unha clase maxistral ben preparada, densa nos contidos e amena na forma, será sempre un instrumento interesante na educación.</p> <p>Ademais, a clase expositiva, a lección maxistral, non debe ir soa na formulación dunha materia como esta. É necesario complementar este método pedagóxico máis tradicional coa introdución doutras actividades e métodos que permitan un rol máis activo dos estudantes.</p> <p>Neste tipo de aulas intentarase promover a participación que nos permita un mínimo feed-back do nivel de comprensión e de asimilación en cada tema e desenvolver en cada sesión auténticos debates sobre temas actuais e concretos relacionados coas cuestións teóricas tratados.</p> <p>A participación do alumnado neste tipo de aulas é moi importante e moi valorado.</p> <p>Con estes requisitos, a clase expositiva, mesmo cun número amplo de alumnos (a asistencia voluntaria sempre limita o número real), pode conseguir, en primeiro lugar, unha transmisión adecuada de coñecementos, preferentemente daqueles que poidan ser máis difíciles de acceder ou de assimilar. En segundo lugar, debe converterse no espazo da síntese, da crítica, da interrelación de ideas e da profundización de coñecementos. En terceiro lugar, na clase deben achegarse orientacións claras para a aplicabilidade dos coñecementos transmitidos e exemplos concretos da práctica social dos mesmos.</p>
Traballos tutelados	<p>Hai dous tipos de traballos tutelados, as prácticas realizadas en clase (de forma individual ou grupal) e un traballo de maior extensión, grupal, sobre un tema sociolóxico (e a súa exposición oral).</p> <p>O traballo grupal está exposto como un traballo de desenvolvemento sobre algún dos temas da materia. Este traballo é a ocasión para relacionar os coñecementos teóricos adquiridos, os argumentos dos manuais e os textos de referencia, cos casos prácticos e co coñecemento das fontes de información relacionadas coa materia. Por iso, os temas do traballo debedes escollelos vós mesmos e deben estar relacionados preferiblemente con algún tema visto na materia e enfocado desde unha perspectiva sociolóxica.</p> <p>Debe presentarse nun formato científico, tanto no que se refire a forma e tamaño, como en canto á estrutura do texto, a presentación, referencias bibliográficas, etc.</p> <p>Este tipo de traballo inclúe a asistencia a unha tutoría obrigatoria.</p>
Lecturas	<p>Nalgúns temas do programa existe un número determinado de lecturas obrigatorias que permiten a adecuada comprensión da materia. Evitan ademais a copia automática de apuntamentos durante as clases maxistrais, motivando entre o alumnado a atención durante as explicacións. Son unha guía dos contidos da materia.</p> <p>Ademais, nalgunhas sesións prácticas utilizaranse para dinamizar debates e para saber interpretar resultados cuantitativos e cualitativos.</p>
Presentación oral	<p>O traballo grupal sobre un tema sociolóxico será exposto en clase (tamén de forma grupal) a final de curso.</p>

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
--------------	------------



<p>Sesión maxistral</p> <p>Traballos tutelados</p> <p>Presentación oral</p>	<p>A atención personalizada desta asignatura desenvolverase de forma presencial e non presencial. Para a comprensión das lecturas e para a realización dos traballos tutelados contaredes coa miña presenza no aula durante as sesións en grupos reducidos e, ademais, poderedes programar as tutorías presenciales que consideredes necesarias no horario que comunicarei ao comezo de curso. Hai unha tutoría presencial obligatoria para preparar o traballo grupal. Tamén estarei dispoñible de forma non presencial preferiblemente a través do correo electrónico (e tamén a través da plataforma Moodle).</p> <p>Aqueles alumnos que se acollan ao recoñecemento de dedicación a tempo parcial ou dispensa académica (os que non se acollan á avaliación continua presencial de forma xustificada), deberán poñerse en contacto coa profesora ao comezo do curso e terán que asistir a unha tutoría para concretar as metodoloxías de avaliación. A súa avaliación basearase nun traballo sobre un libro (30% da nota), un traballo sobre unha película (30% da nota) e o exame presencial realizado na data oficial estipulada pola UDC (40% da nota). Para aprobar a materia é necesario aprobar tanto os traballos tutelados (sobre o libro e a película) como o exame.</p>
---	---

Avaliación			
Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descrición	Cualificación
Traballos tutelados	A2 A3 A5 A6 A13 A14 B1 B3 B4 B5 B6 C1 C4 C6 C7	<p>Considérase traballos tutelados tanto as prácticas realizadas en clase como o traballo en grupo sobre un tema da materia que deberá ser analizado desde unha perspectiva sociolóxica. O 60% da nota depende das prácticas de clase, asistencia e participación e, o 30%, do traballo grupal obrigatorio.</p> <p>En todos estes traballos valorarase:</p> <ul style="list-style-type: none"> -A comprensión e manexo dos conceptos, textos e a teoría sociolóxica. -O uso de fontes e de ferramentas apropiadas para a investigación social. -O pensamento crítico, reflexivo e relacional. -A orixinalidade. -A correcta expresión escrita. -A capacidade de traballo en grupo (cando sexa o caso). 	90
Presentación oral	A5 A2 B1 B5 B6 C1 C4 C6 C7	<p>A presentación oral sobre o traballo grupal é obligatoria.</p> <p>Nela valorarase:</p> <ul style="list-style-type: none"> -O dominio e comprensión do tema. -A capacidade de síntese. -A correcta expresión oral. -A creatividade. -O traballo en grupo. 	10

Observacións avaliación



Avaliación continua.

O 60% da nota depende das prácticas de clase, a asistencia e a participación e, o 30%, do traballo grupal obrigatorio. A presentación oral sobre o traballo grupal obrigatoria valerá o restante 10% da nota.

Avaliación non continua.

Aqueles alumnos que se acollan ao recoñecemento de dedicación a tempo parcial ou dispensa académica (os que non se acollan á avaliación continua presencial de forma xustificada), deberán porse en contacto coa profesora ao comezo do curso e terán que asistir a unha tutoría para concretar as metodoloxías de avaliación. A súa avaliación basearase nun traballo sobre un libro (30% da nota), un traballo sobre unha película (30% da nota) e o exame presencial realizado na data oficial estipulada pola UDC (40% da nota). Para aprobar a materia é necesario aprobar tanto os traballos tutelados (sobre o libro e a película) como o exame.

Segunda oportunidade.

Para aprobar a materia en segunda oportunidade será necesario aprobar un exame (de preguntas breves e de desenvolvemento e cunha parte práctica) que valerá o 100% da nota e que terá lugar na data oficial estipulada pola UDC.

Fontes de información

Bibliografía básica

- Guerrero Serón, A. (2011). Enseñanza y sociedad. El conocimiento sociológico de la educación. Madrid: Siglo XXI
- Chomsky, N. (2014). La (des)educación. Barcelona: Crítica
- Álvarez-Uria, F. (2006). Sociología y educación: textos e intervenciones de los sociólogos clásicos. Madrid: Morata
- Rodríguez Caamaño, M.J. (Coord.) (2001). Temas de Sociología. Madrid: Huerga y Fierro
- Amorós, C. (1991). Hacia una crítica de la razón patriarcal . Madrid: Anthropos
- Durkheim, E. (1992). Historia de la educación y de las doctrinas pedagógicas: la evolución pedagógica en Francia . Madrid: La Piqueta
- Fernández Enguita, M. (2004). La escuela a examen un análisis sociológico para educadores y otras personas interesadas. Madrid: Pirámide
- Durkheim, E. (2009). Educación y Sociología. Madrid : Editorial Popular
- Willis, P. (1988). Aprendiendo a trabajar. Torrejón de Ardoz: Akal
- Veblen, T. (2014). Teoría de la clase ociosa. Madrid: Alianza Editorial

Bibliografía complementaria

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Historia da educación/652G03011

Educación multicultural/652G03013

Antropoloxía da educación/652G03029

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Teoría da educación/652G03001

Pedagoxía social/652G03006

Avaliación e diagnóstico de necesidades socioeducativas/652G03039

Materias que continúan o temario

Deseño e desenvolvemento da acción socioeducativa/652G03002

Animación e xestión sociocultural/652G03017

Dinámicas de comunicación e colaboración na acción socioeducativa/652G03020

Observacións



(*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías